



O EXISTENCIALISMO DE SIMONE DE BEAUVOIR

1. Re-definición do concepto de *situación*:

- **Situación en Sartre:** Somos libres dentro dunha situación que xorde da nosa propia liberdade de acción. A liberdade faise efectiva, materialízase, nunha situación concreta. A miña liberdade sempre ten que *cargar* con unha situación para facerse efectiva. Liberdade e responsabilidade absoluta do suxeito: A situación non anula a liberdade de elección persoal. A situación queda (re-) definida polo proxecto do suxeito: A situación á que se ten que enfrontar o suxeito nace da súa propia liberdade; as decisións que tomou previamente, constrúen a situación á que ten que facer fronte. Liberdade e situación son os dous aspectos dunha mesma realidade.
- **Situación en Beauvoir:** A situación do suxeito pode aumentar ou disminuir o alcance da nosa liberdade, pode darlle máis ou menos posibilidades de realizarse como suxeito autónomo. A situación de distintos suxeitos non é equiparable. Xerarquía entre situacións (p.e. a situación das mulleres antes e despois das conquistas do movemento feminista: sufraxio, divorcio, anticonceptivos, aborto). A realidade humana é a dun suxeito libre, pero trátase dun *suxeito situado*: As posibilidades de realización da liberdade son finitas: poden incrementarse ou reducirse en función da situación do suxeito. O suxeito non posúe unha liberdade de acción absoluta: a súa liberdade de elección está (de-)limitada pola súa situación.
- **Suxeito relacionado cos outros:** Os demais poden ampliar ou minimizar a miña liberdade. Os outros suxeitos inciden na

configuración da miña situación (e eu fágoo na constitución da situación dos demais). Interdependencia entre suxeitos no plano moral: axudar a liberar a liberdade dos demais (bondade moral).

- **Suxeito parcialmente construído social** (educación, economía, política, etc.) e **discursivamente** (relixión, filosofía, arte, ciencia, etc.). **Suxeito autónomo+suxeito situado**.

2. **Trascendencia e inmanencia na muller:**

- **Moral existencialista:** Todo suxeito afírmase como unha **trascendencia** a través dos seus **proxectos**. O suxeito faise por medios daquelas **accións** que dan cumprimento ao seu **proxecto vital**. Todo suxeito logra culminar a súa liberdade cando a **trascende** cara outros proxectos-metas. O suxeito (moral) é un permanente proxecto de ser ao longo da súa existencia. A xustificación da existencia presente comporta a súa expansión cara un futuro indefinidamente aberto.
- **Trascendencia vs. Inmanencia:** A **trascendencia** identifícase coa **liberdade** do **suxeito moral** que elixe proxectarse cara un **porvir**, ensanchando constantemente a súa liberdade. **Trascenderse** significa un facerse constantemente por medios das nosas accións. A **inmanencia** identifícase coa **facticidade** propia das **cousas**: obxectos pasivos e inertes, *seres en sí*, sempre iguais a sí mesmos, seres xa dados, feitos e acabados.
- **Inmanencia consentida:** A **caída na inmanencia** da muller pode ser consentida cando non asume a súa liberdade e renuncia a trascender(-se). Esta **inmanencia consentida** constitúe unha grave **falta moral** (*mala fe, mal absoluto*). Hai **mala fe** cando o suxeito non exerce a súa trascendencia, non admite que a forma de existencia humana está aberta ao futuro, que forzosamente ten que elixir o que quere ser.
- **Inmanencia inflixida:** Pero debido á **situación das mulleres** ao longo da Historia, temos que falar máis ben de **inmanencia inflixida**: as mulleres vense seriamente impedidas para levar a cabo os seus proxectos, debido a obstáculos obxectivos insalvabeis. Esta permanente **(re-)caída na inmanencia** que define a **condición da muller** non é unha falta moral, é un mal que depende de algo

externo ao *suxeito feminino* que lle impide realizarse como *liberdade e transcendencia*. A *inmanencia inflixida* define a *situación da muller* en termos de *opresión e frustración (mal absoluto)* pola imposibilidade de construír un proxecto vital que lle permita trascenderse cara ao futuro. A *inmanencia inflixida* *cosifica* á muller, substitúe a liberdade pola *facticidade*: a muller deixa de ser suxeito (moral) para converterse en cousa: ao non poder elixir ser algo, ao verse impedida de facer proxectos, a muller queda rebaixada á facticidade, equiparándose aos obxectos.

“La perspectiva que adoptamos es la de **la moral existencialista**. **Todo sujeto se afirma concretamente a través de los proyectos como una transcendencia**, sólo hace culminar su libertad cuando la supera constantemente hacia otras libertades; no hay más justificación de la existencia presente que su expansión hacia un futuro indefinidamente abierto. **Cada vez que la transcendencia vuelve a caer en la inmanencia, se da una degradación de la existencia en un «en sí», de la libertad en facticidad; esta caída es una falta moral si el sujeto la consiente; si se le inflige, se transforma en una frustración y una opresión; en ambos casos, se trata de un mal absoluto**. Todo individuo que se preocupe por justificar su existencia la vive como una necesidad indefinida de trascenderse. Ahora bien, lo que define de forma singular **la situación de la mujer** es que, siendo como todo ser humano una libertad autónoma, se descubre y se elige en un mundo en el que **los hombres le imponen que se asuma como la Alteridad; se pretende petrificarla como objeto, condenarla a la inmanencia**, ya que su transcendencia será permanentemente transcendida por otra conciencia esencial y soberana. El drama de la mujer es este conflicto entre la reivindicación fundamental de todo sujeto que siempre se afirma como esencial y las exigencias de una situación que la convierte en inesencial.”

(Simone de Beauvoir. O segundo sexo.)